



CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

Programación DIDÁCTICA ITINERARIO INTERPRETACIÓN

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798
e-mail: conservatorio@culleredo.es
www.culleredo.es

ITINERARIO DE INTERPRETACIÓN

Datos da materia	
Departamento:	Departamento de Composición
Curso:	6º
Grao:	Profesional
020.	1 hora á semana
Materia:	Optativa de itinerario
Especialidade:	Todas

Introdución

O intenso desenvolvemento instrumental a que se ve sometido o alumnado ao longo do grao profesional alcanza no último curso un dos seus obxectivos fundamentais: demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, configurándose o itinerario de interpretación como o colofón natural deste desenvolvemento.

O itinerario de interpretación pretende dotar o alumnado dunha base teórico-práctica en que se abordan os aspectos que, en relación coa innegable carga en destrezas técnico-físicas que integran os estudos profesionais de música, incida nas posibilidades de realización musical que se deron nos repertorios ao longo do século XX.

Xa que logo, o coñecemento da tradición interpretativa resulta vital para o músico que encamiñe a súa traxectoria futura como intérprete, e este coñecemento pasa necesariamente polo acceso, a análise, a comprensión e a asimilación das fontes dispoñibles, tanto as escritas como as sonoras, aínda que son estas últimas as que permiten percibir a verdadeira esencia sonora da tradición musical.

Por outro lado, as cuestións relacionadas coa posta en escena resultan igualmente do máximo interese por incidiren nun aspecto básico para ter en conta por un intérprete.

Ante todas estas consideración previas, é evidente que a disciplina se orienta de modo específico a dotar das ferramentas necesarias para o futuro intérprete, de modo que presente o máis amplo abano de posibilidades que o catálogo de agrupacións musicais actuais ofrece e, paralelamente, o oriente cara ás saídas profesionais relacionadas.

Obxectivos¹

1. Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aproveitar mellor o tempo dedicado ao estudo diario.
2. Tomar conciencia das posibilidades físicas, a través do coñecemento e do dominio corporal, co fin de percibir as súas capacidades como intérprete.
3. Coñecer as prácticas interpretativas por medio das fontes sonoras e escritas axeitadas, para abordar a interpretación do repertorio consonte os estilos interpretativos da música occidental.
4. Adquirir o hábito de escoitar música ampliando a súa cultura musical, para alcanzar unha base sólida que lle permita ao alumnado diversificar as súas preferencias musicais.
5. Valorar a interpretación a través da propia execución con vistas a extraer conclusións obxectivas que melloren a súa calidade.
6. Introducción á análise interpretativa por medio das novas tecnoloxías.

Contidos¹

- Organización do traballo diario.
- Exercitación progresiva da memoria.
- Técnicas de relaxación.
- Concentración e respiración.
- Coñecemento corporal aplicado á execución.
- Control do medo escénico.
- Realización de traballos relacionados co repertorio e a evolución organolóxica do instrumento.
- Audición activa do repertorio.
- Coñecementos das fontes audiovisuais e escritas dos intérpretes máis relevantes.
- Audicións comparadas.
- Actitude positiva ante as audicións e os traballos propostos.
- Toma de conciencia do papel para desenvolver na agrupación da que se forme parte.

¹ Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música.

- Actitude crítica ante as interpretacións propias e alleas. Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais, como intérpretes e como oíntes.

Criterios de avaliación¹

- 1) Controlar a resposta corporal na interpretación a través do emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas.

Mediante este criterio preténdese valorar o grao de relaxación, concentración e respiración que pode conseguir o alumnado para evitar as tensións que poidan provocar un esforzo físico innecesario e o medo escénico.

- 2) Analizar audicións dunha mesma obra nas tres versións interpretativas: formalista, historicista e histórica.

Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para delimitar e establecer os criterios estilísticos que rexeron a interpretación do repertorio dado ao longo do século XX.

- 3) Realizar comentarios críticos ante interpretacións dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes.

Este criterio avalía o proceso de evolución crítica do alumnado co obxecto de reflexionar sobre as características interpretativas dunha execución musical.

- 4) Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións.

Con este criterio preténdese medir a capacidade do alumnado para comprender as aproximacións que se deron e se dan ante a partitura, ben como medio ou ben como fin.

- 5) Amosar unha actitude positiva e de participación ante os traballos e as audicións propostas.

Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de participación do alumnado, así como ou seu interese na clase.

- 6) Tomar conciencia do grao de integración no grupo do cal se forma parte.

Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de implicación do alumnado co grupo e a súa colaboración para desempeñar o papel que lle corresponda dentro del.

- 7) Xulgar as interpretacións propias e alleas.

Mediante este criterio búscase avaliar a capacidade crítica do alumnado ante as propias interpretacións, así como ante as doutros intérpretes.

- 8) Comentar análises interpretativas realizadas mediante as tecnoloxías máis recentes neste campo.

O alumnado introdúcese na análise interpretativa de xeito visual, por medio das tecnoloxías adecuadas, e pode percibir unha interpretación dada en comparación co texto para aplicar ao seu propio progreso como músico.

SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS POR TRIMESTRES

Primer trimestre:

- Estres: que entendemos por este término. Ansiedade.
- Pensamentos positivos e negativos. A respiración: importancia. Tipos: Abdominal, Clavicular, Profunda ou Total.
- Práctica da respiración controlada. Conciencia do propio corpo e o EU.
- Presentación teórica e práctica dos métodos Jacobson e Shultz.
- Outros métodos de relaxación. Visualización. Meditación.
- Presentación e comentario de audicións gravadas.
- Factores que interveñen na execución dunha obra: físicos, mentais, ambientais, socio culturais.
- Evolución histórica do teu instrumento.
- A posta en escea. Actitude como intérprete e como espectador nun escenario. Pautas a seguir.
- Análise da obra do teu instrumento: 1º trimestre. Audicións.

- Diferentes escolas de interpretación Barrocas. A Ornamentación.

Segundo trimestre:

- Tolerancia ao stress. Os axentes cerebrais que interveñen. A serotonina. Dopamina. Melatonina. Os neurotransmisores.
- Hormonas. Tipos. (De qué modo interveñen).
- O loga: que é. Tipos.
- Exercicios de relaxación.
- Visualización ou audición de obras nas que interveñen intérpretes coñecidos para a pos-
ta en común e comentario crítico.
- Análise da obra do teu instrumento: 2º trimestre. Audicións.
- A interpretación no Clasicismo. Inventar unha cadencia dun Concerto Clásico do teu ins-
trumento.
- O Romanticismo. Interpretación. Biografía dun compositor romántico. Audicións.

Tercer trimestre:

- Distintos tipos de relaxación: visualización, tipos de masaxe relaxante, meditación,
relaxación a través dos sons.
- A respiración Abdominal. Práctica de táboas de respiración.
- A alimentación como coadxudante en momentos de stress. •Análise da obra do teu
instrumento: 3º Trimestre. Audicións.
- O século XX. Características interpretativas. Efectos sonoros. Novas graffias. Audicións.
- Diferentes escolas de interpretación no teu instrumento.
- Análise de obras traballadas noutras disciplinas.
- A memoria. Tipos.

Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo

propio profesor en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar. A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

- Participación activa nos traballos propostos, ben sexa en grupo ou individualmente.
- Comprensión e análise de elementos de distintos estilos musicais, distintas escolas a través da historia relacionando estilos e épocas.
- Control do corpo na interpretación así como a mente mediante tipos de relaxación, concentración e respiración. Capacidade de resposta en situacións de máxima tensión.
- Participación activa en procesos, tanto autocríticos como de distintas persoas, de interpretación, ben sexa en grupos ou como solistas con obxecto de formar o criterio e valoración das situacións, tamén a evolución do alumno fronte a distintas execucións musicais.
- Tendo en conta as novas tecnoloxías, facer chegar distintas opcións interpretativas, distintas posibilidades dentro dun contexto ou época.
- Verificar o traballo e actitude do alumnado dentro da aula, a súa actitude de educación, tolerancia e integración no grupo e respecto cos compañeiros e profesorado.
- Habituar a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lle permita fundamentar e desenvolver o seu propio criterio interpretativo.
- Coñecer as distintas escolas de interpretación do seu propio instrumento, así como profundizar no coñecemento do seu repertorio a través de diferentes traballos propostos polo profesor.
- A Ornamentación Barroca. Saber empregar os distintos tipos de ornamentacións nunha partitura, así como coñecer a súa interpretación.
- Coñecer as características estilísticas e interpretativas do Clasicismo.
- O Romanticismo. Diferentes vertientes interpretativas.
- O Século XX. Profundizar nas novas graffas e efectos sonoros propios do seu instrumento.

•Coñecer os diferentes métodos pedagóxicos musicais específicos do instrumento do alumno. Introducción á pedagogía (relacionada coa asignatura de Interpretación musical).

Mínimos esixibles:

Os Obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente á materia.

Procedementos e instrumentos de avaliación

- Realización de reunións coas nais/pais ou titores do alumnado.
- Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.

- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición de traballos propostos polo profesor, tanto individuais coma grupais.

Ferramentas:

- Caderno de aula (onde queda recollida a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento.).
- Traballos feitos polos propios alumnos tanto individuais coma colectivos.
- Exercicios de aula propostos polo profesor. •Probas escritas.
- Gravacións das interpretacións dos alumnos.
- Concertos dos propios alumnos na aula de interpretación.
- Asistencia a concertos propostos polo centro, como espectadores, e posterior posta en común a través da crítica constructiva.
- "Opinion Essay" das diferentes audicións propostas polo profesor. Reforzo da expresión escrita, con un vocabulario técnico-musical, mostrando as propias ideas e contrastándoas coas dos compañeir@s

Criterios de cualificación

- Actitude e participación na aula 20%
- Asistencia a clase e traballo diario 40%
- Traballos de investigación, probas escritas 40%

Medidas de recuperación

Ante un alumno/a que supere o número máximo de faltas permitidas polo centro para cada trimestre e non adquira os contidos mínimos propostos deberá seguir unha serie de directrices para a súa avaliación, sempre que o profesor da materia así o vexa necesario:

1. Alumno/a deberá realizar unha proba, que terá lugar entre dez días e unha semana antes da sesión de avaliación correspondente.
2. Esta proba será realizada polo profesor de Itinerario de Interpretación do/a alumno/a.
3. Alumno deberá acudir á proba co total da programación secuenciada para o trimestre en cuestión ou para a totalidade do curso se é o caso, ou ben cos traballos e material que lle indicou o profesor. O profesor poderá solicitar os traballos por mail, en caso de confinamento.

Procedementos de recuperación ordinarios

Tanto o contido da proba coma os traballos propostos estarán relacionados cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da asignatura. O profesor en todo momento lle proporcionará a información necesaria ó alumnado para os procedementos de recuperación, así como un asesoramento persoalizado enfocado á proba. Para elo, o profesor dispón de 27 minutos de titoría semanal que será utilizada en beneficio do alumn@.

Probas extraordinarias de xuño

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para a convocatoria de xuño serán os mesmos que aparecen desenvolvidos na programación deste curso. A proba ou os traballos propostos polo profesor estará relacionada co total da programación do curso. O profesor asesorará ó alumnado, proporcionándolle a información necesaria para o desenvolvemento da proba.

Recursos didácticos:

Xúntase unha bibliografía, ademais de enlaces de interese a modo de guía, relacionada cos contidos desta programación.

- Cómo superar a ansiedade escénica en músicos. Guillermo Dalia. Mundimúsica ediciones.
- “La respiración Consciente “Hendricks, Gay. Ed. Urano.
- La Interpretación histórica de la música. Colin Lawson/ Robin Stowell. Alianza Música.
- La interpretación musical. John Rink. Alianza musical.
- El sonido es vida. El poder de la música. Daniel Barenboim. Ed. Belacqva.
- "Ejercitación mental para músicos ". Klöppel, Renate. Ed. Idea Books.
- Mayoclinic.org.
- Interpretación musical e postura corporal ". Susanne Klein-Vogelbach / Albrecht Lahme / Irene Spirgi-Gantert. Ed. Akal Música
- “Domine la Relajación “. Goldwind, Frank Ed. RBA
- “La Relajación “de Bousingen, Durand. Ed. Paidotribo.
- “Conversaciones con Gerda Alexander “Violeta Hemsy Gainza.
- “Manual de Kundalini Yoga “. Singh, Satya. Ed. Robin Book. •“Endorfinas: Las hormonas de la Felicidad “ Dr. Gaona, José Miguel. •
- “Elementos de Fisiología”.Dr.Morros Sardá, José.
- “Para comprender a Música Contemporánea “. Barraud, Henry. Ed. Laivento.
- “Cómo superar el pánico “. Roca, Elia. ACDE Psicología.
- "La interpretación de la música ". Dart, Thurston. Ed. Mínimo Tránsito.

- "Historia de los instrumentos musicales" .Remmant, Mary. Ed. Ma non troppo.
- "Manual práctico de Ornamentación Barroca ". de Pedro, Dionisio. Ed. Real Musical.
- "El Estilo Clásico: Haydn, Mozart y Beethoven ". Rosen, Charles. Ed. Alianza Música.
- "Análisis de la música española del s.XX ". Charles Soler, Agustí. Ed. Rivera Editores.
- " La música del s. XX ". P. Morgan, Robert.
- "Historia de la Música Occidental ". Buckholder, J. Peter; Grout, Donald; Palisca, Claude V. Ed. Alianza Música.
- "Acción, pensamiento y lenguaje". Bruner, J.
- "Música, educación y lenguaje ". Manevean, Guy. Ed. Libros de música Rialp.
- "Invitación a la música ". Roselló, Josepa. Ed. Arola editores.

O centro dispón dunha biblioteca onde o alumn@ pode atopar unha bibliografía ampla, ademáis dispón dunha gran variedade de cd´s e dvd´s.

Enfoque metodolóxico

O desenvolvemento da materia combina o desenvolvemento de contidos, de carácter teórico e de carácter práctico. Todo o relacionado cos primeiros deberá ter un obxectivo contextualizador e útil para o desenvolvemento da práctica instrumental. Os procedementos diríxense non só á asimilación teórico-práctica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos, senón que pretenden dar un paso cara adiante ao incluír prácticas de identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental destes que conduza á súa interiorización. En calquera caso, o aspecto cuantitativo do ensino debe ser dosificado de forma tal que permita a práctica da interpretación libre, pois a súa presenza neste nivel dos estudos é fundamental para o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

O desenvolvemento dos contidos teóricos levarase a cabo nunha organización de gran grupo, que poderá ser reorganizada en pequenos grupos para a resolución de tarefas encomendadas en clase ou a realización de traballos. O traballo individual, dentro e fora da aula, é un elemento fundamental nesta materia. As sesións de corte máis teórico

e as de carácter práctico secuencializaranse de forma alterna, ou mesmo combinándose dentro dunha mesma sesión.

En relación aos contidos de audición, recóllese a práctica da escoita activa, como elemento que permita a inmersión nos aspectos, non só técnicos e de análise, senón os de contido máis abstracto e de significación mais emotiva. Así mesmo, o coñecemento básico dos instrumentos e das súas posibilidades técnicas e interpretativas permite adquirir unha serie de recursos que posibilitan unha maior aproximación ao estudo integral das obras, e ademais amplía as posibilidades creativas.

A significatividade das aprendizaxes e o carácter construtivista marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

Así mesmo a secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Para o desenvolvemento desta PD considéranse os seguintes criterios:

1. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial da materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.
2. Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer así como dos plans de reforzo e recuperación. Por último, en relación con esta metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización cotiá e as actividades educativas deseñadas terán un carácter eminentemente práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua.

Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial alcanzado polo alumnado sempre adecuándose ás modalidades xa citadas de ensino presencial, semi-presencial e/ou non presencial.

Educación en valores.

As ensinanzas de música nos conservatorios deberán fomentar a educación en valores tales como a educación para a paz, a educación ambiental, a igualdade de oportunidades entre sexos, educación cívica e moral, educación para a saúde, etc.

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental**, tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.

- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.

- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.

- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.

•A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.

•En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

•Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarámola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente. O Conservatorio profesional de Culleredo dispón dunha rede Wifi para o uso do profesorado na aula de Itinerario de Interpretación. Fanse imprescindibles o ordenador e o proxector nesta materia, xa que esta asignatura está enfocada cara á investigación, a crítica musical e a audición de diferentes interpretacións musicais. Os alumnos, á súa vez, deben utilizar as TIC's como vehículo para a súa formación: así, o profesor propón unha tarefa na clase, e os discentes teñen que profundizar e investigar nela. Moitos temas son de actualidade e Internet é unha ferramenta para eles imprescindible. Para temas relacionados co seu instrumento ou agrupacións musicais, persoalmente, aconsello Youtube (poden atopar diferentes formas de interpretación, moitas gravacións de calidade, etc...). Nos temas relacionados coa adquisición de partituras, pódense visitar páxinas como: ISMLP ou musescore. A docencia recomendará visitas a páxinas concretas, sempre tendo en conta a idade e a capacidade de comprensión do alumnado, así coma os foros e links interesantes para os traballos de investigación. Ade-

máis o Conservatorio Profesional de Culleredo dispón de Biblioteca / fonoteca/ videoteca, nas cales o alumnado pode adquirir a información necesaria no propio centro educativo.

Recursos didácticos

Os principais recursos para o desenvolvemento da materia son as diferentes partituras de cada unha das especialidades instrumentais do alumnado que integra a materia cada curso, sobre as que basease o traballo ao longo do mesmo. Os segundos recursos fundamentais serán o material audiovisual que servirá de soporte e referencia dos apartados teóricos, e que dependerá das especialidades instrumentais do alumnado matriculado na materia. Dito material abrangue todas as épocas e períodos fundamentais da historia da música.

Procedementos de acceso ao currículo

Os alumnos que acceden a esta materia son alumnos que promocionan do quinto curso do grao profesional ou ben os alumnos que superan a proba de acceso ao sexto curso, no que se sitúa a materia no currículo. Polo tanto ben no caso dos alumnos que acceden dende o ensino regrado, ben os alumnos que acceden a través da proba de acceso, demostraron haber adquirido os contidos, os coñecementos e as competencias propias de cada especialidade para este nivel.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Actividades culturais e promoción das ensinanzas

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual. Algúns dos traballos derivados das tarefas de aula poden ser expostos nalgunha das audicións e concertos que se celebran ao longo do curso no

centro. Ademais é posible que algúns dos concertos ofrecidos por agrupacións alleas ao centro, tanto nas instalacións do mesmo como fora delas, poidan ser de especial interese para a aula por conectar con algún dos aspectos integrados nos contidos da materia.

Procedementos para coordinar, valorar e revisar o desenvolvemento e resultados da programación

A programación coordinarase coas demais materias do nivel que cursa o alumno, aínda que dado que materia ten un carácter propedéutico cara á especialización posterior dos alumnos nas ramas de interpretación, esta coordinación terá especial relevancia coa materia da especialidade instrumental correspondente. Xunto coa interpretación no respectivo instrumento o coñecemento da análise constitúe unha parte imprescindible da disciplina, ao ocuparse da habilidade puramente técnica que permite recoñecer e estudar os contidos do curso sen deixar de lado outras habilidades relacionadas co histórico, o estético, o humanístico, o psicolóxico ou o xenuinamente perceptivo, cuxo coñecemento é imprescindible para a comprensión do feito musical como fenómeno cultural e psicolóxico. Ademais, a análise proporciónalle ao alumnado unha serie de ferramentas metodolóxicas que permite avanzar na comprensión das obras musicais, a partir de todos os puntos de vista que poidan ser relevantes para conseguir a devandita finalidade.

O departamento ao que se adscribe a materia encargarse de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao rematar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolvidos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a

elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.